SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 23 / FEBREIRO / 2000

S U M A R I O

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS SESIÓNS ANTERIORES

2.- CONTROL E ACTIVIDADE DO PLENO

3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Interior

4.- PROPOSTA NOMEAMENTO ALCALDE MEMBRO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO.

Urbanismo

5- PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO SOBRE CORRECCIÓN DE ERRO NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.

6.- PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVA A DECLARACIÓN EXPRESA DE TERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO REFERENTE Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA.

Mocións

7.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE, EN RELACIÓN COS FEITOS XENÓFOBOS OCURRIDOS NA LOCADIDADE DE EL EJIDO.

8.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE CREACCIÓN DUN CENTRO DE ORIENTACIÓN FAMILIAR.

9.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE E DO BNG REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA POLA SANIDADE PÚBLICA.

10- ROGOS E PREGUNTAS.

ASUNTOS FORA DO ORDE DO DÍA

A) DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, MULLER E XUVENTUDE SOBRE BASES REGULADORAS PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER.

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte do **día vintetrés de febreiro do ano dous mil,** baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Dª. Mª. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, Dª. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario o titular da Corporación D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remitida a tódolos Sres/as Concelleiros/as, coa antelación legalmente requerida.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS SESIÓNS ANTERIORES

Pola Presidencia dase conta das Actas das sesións celebradas polo Concello Pleno correspondentes á sesión ordinaria de data 31 de xaneiro do 2000, e extraordinaria de data 14 de febreiro do 2000, para a súa aprobación si procedera.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. González Iglesias faise unha puntualización do manifestado polo mesmo que figura na páxina no punto terceiro da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno en data 31 de xaneiro de 2000, indicando que o aumento de precio da auga de seis pesetas metro cúbico era referido a que Vigo vendia a Redondela.

Continua a súa intervención o Sr. Concelleiro González Iglesias, manifestando que o PSdeG-PSOE presentara unha moción para que se fixese unha reclamación contra esa revisión de precios do contrato asinado por Seragua S.A. Fomento de Contrucciones e Contratas con este Concello de Redondela que si ben aprobouse a citada moción por unanimidade o equipo de goberno daqueles intres non fixo a reclamación correspondente.

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo, se sinala que na votación do punto quince da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno en data 31 de xaneiro do 2000, á abstención nese asunto correspondou a Concelleiro Sra. Alonso Monteagudo, e non o Concelleiro Sr. Puentes Saavedra como erroneamento faise constar na acta.

Este Concello Pleno, coas rectificacións antes exposotas, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes a esta sesión, prestoulle a súa aprobación ás actas antes referenciadas.-

2.- CONTROL E ACTIVIDADE DO PLENO

Non houbo actividade de control por parte de nengún dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes.

3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Pola Presidencia dase conta a este Concello Pleno das Resolucións dictadas polo Sr. Alcalde dende o 14 de xaneiro do 2000 ó 18 de de febreiro do 2000.

O Concello Pleno, quedou enterado do contido das Resolucións dictadas.-

4.-PROPOSTA NOMEAMENTO ALCALDE MEMBRO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO.

Polo Concelleiro Sr. Nuñez Salgado dase conta a este Concello Pleno do dictame da Comisión Informativa de Interior, de data 1 de febreiro do 2000, referente a proposta da Alcaldía, no se que propón a adopción do seguinte acordo:

Nomear como representante deste Concello ante o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo a favor do Iltmo. Sr. Alcalde, D. Xaime Rei Barreiro.

Non habendo unanimidade de criterios, polo Sr. Presidnte sométese a votación o presente asunto.

Efectuada ésta obstivose o seguinte resultado: votan a favor os/as Sres/as Concelleiros/as do PsdeG-PSOE (9) e os/as Sres/as Concelleiros/as do BNG (4). Abstiveronse os/as Sres/as Concelleiros do PP (7). Na súa consecuencia resultou aprobada por maioria de votos a proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa correspondente.

5.-PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO SOBRE CORRECCIÓN DE ERRO NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.

Pola Presidencia data conta da proposta da Comisión Informativa de Urbanísmo,de data 18 de febreiro de 2000, que dí:

ANTECEDENTES

Con data 6 de novembro de 1987 aprobaronse definitivamente, por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, as Normas subsidiarias de Planeamento de Ambito Municipal de Redondela, téndose publicadas no Boletin Oficial da Provincia nº 85 de 14 de abril de 1988.

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

A documentación grafiada realizouse sobre cartografia a esc. 1:5000, e para os planos de detalle, a esc. 1:2.000, sobre plano parcelario do Instituto Xeográfico e Catastral.

No transcurso da vixencia das devanditas Normas teñense observado reiterados erros nas parcelas grafiadas, contradicciónes entre os planos a escala 1:5.000 e 1:2.000, erros de calificación por mal grafiado das bases, ou ben contradicciónes entre a realidade e a documentación das Normas.

Na súa virtude, e a vista do expediente promovido polo particular que logo se cita e do informe favorable emitido polo arquitecto asesor municipal e o servicio de disciplina urbanística, a comisión informativa de urbanismo, en votación ordinaria e por unanimidade dos/a señores/a asistentes estimou oportuno propoñer ó Concello Pleno a corrección do seguinte erro no Documento das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela:

I) MODIFICACIÓN DO PARCELARIO

I.1).- PROPOSTA

Proponse a corrección do erro detectado no grafiado dos planos a escala 1:2.000, sinalado e xustificado polo propieterio afectado.

I.2).- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

O artigo 105.2) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, di: "As administracións públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos", e por outra banda na Normativa e Ordenanzas das Normas Subsidiaris de Planeamento de Ámbito Municipal, no seu artigo 11.3 establécese: Si se deran contradicciónes entre o plano e a realidade prevalecerá esta última. Polo tanto procede a modificación dos planos parcelarios recollendo a realidade existente.

I.3).- PARCELA QUE SE PROPON MODIFICAR

José Dominguez Cortés e Consuelo Fernández Fernández, parcela sita en Angorén - Chapela, plano P-3 a escala 1:2000 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal.

De acordo coa documentación adxunta.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión acordou prestarlle a súa aprobación a proposta antes transcrita.

6.- PROPOSTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVA A DECLARACIÓN EXPRESA DE TERMINACIÓN DO

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO REFERENTE Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA.

Pola Presidencia suspendese a celebración do Pleno para autorizar a intervención no mesmo de D. Ramón Rodríguez Carrera según tiña interesado ó memo por escrito.

Unha vez finalizada a intervención do citado veciño, pola Presidencia reanudase a celebración do Pleno dando conta da proposta formulada pola Presidencia da Comisión Informativa de Urbanismo, de data 8 de febreiro de 2000, dictaminada favorablemente pola mesma, que dí:

ANTECEDENTES

1).- Con data 5 de decembro de 1994 asinouse o contrato para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Urbana como revisión das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito municipal de Redondela.

2).- Tras un longo proceso desenvolvido como consecuencia da elaboración dos traballos e posterior tramitación (formación do avance, información pública, informe sobre suxerencias presentadas e redacción do Plan) con data 5 de marzo de 1997, o concello pleno prestou aprobación inicial ó proxecto do Plan Xeral de Ordenación municipal, e seguíndose os trámites regulamentarios foi sometido a información pública, téndose presentadas numerosas alegacións, das que parte, foron resoltas polo Concello Pleno na súa sesión de data 26 de xaneiro de 1998, derradeira actuación desenvolvida neste procedemento.

3).- Con data 20 de marzo de 1997 producíuse a sentencia 61/1997 do Tribunal Constitucional que declara inconstitucionais e anula tódolos preceptos de aplicación supletoria da Lei do solo do 1992 así como outros moitos que nesta Lei tiñan o carácter de preceptos básicos ou de aplicación plena.

4).- O 26 de marzo de 1997 publícase no D.O.G. a Lei 1/1997, do 24 de marzo do Solo de Galicia, que deroga a Lei 11/85, de 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, o que produce entre outros extremos, un cambio substancial no tratamento dos núcleos rurais de poboación. Esta nova lei do solo galega -complementada coa Lei 7/95, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo e xunto coas normas reguladoras para o seu desenvolvemento e execución-, constitúe o dereito urbanístico propio de Galicia "aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro" (artigo 38.1º do Estatuto de Autonomía), se ben coexistindo coas competencias que o Estado posue en virtude do artigo 149.1º da Constitución.

5).- Con data 25 de xuño de 1997 por sentencia do Tribunal Supremo foron declarados nulos por *ultra vires* (razóns de exceso na refundición) 6 preceptos da LS 92 que todavía quedaban vixentes tra-la indicada sentencia do Tribunal Constitucional.

6).- Con data 14 de abril de 1998 publícase no Boletín Oficial do Estado a Lei estatal 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, con carácter de

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

lexislación básica na maioría dos seus preceptos, correspondendo os restantes á competencia exclusiva do Estado.

7).- Finalmente no D.O.G. do 25 de setembro de 1998 publícouse a instrucción 1/1998, do 24 de xullo da Consellería de política territorial, obras públicas e vivenda sobre a aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco da nova Lei 6/1998, do 13 de abril sobre réxime do solo e valoracións.

CONSIDERACIÓNS

Primeira.- No sistema xurídico-urbanístico o planeamento urbanístico non ten rango de Lei, sendo unha norma xurídica de carácter regulamentario, e do mesmo xeito que o sistema xurídico na súa integridade está sometido o principio de xerarquia normativa (artigo 9.3 C.E.) o sistema legal de planeamento urbanístico (como conxunto de normas regulamentarias) tamén está sometido a ese mesmo principio, o que siñifica que un instrumento de planeamento urbanístico non pode contravenir ningún precepto establecido nunha Lei (artigo 1.2 do C.C.) ou regulamento executivo.

Segunda.- A forte incidencia que sobre o marco legal urbanístico representa a derrogación da Lei 11/85 de Adaptación da do solo a Galicia e a práctica derrogación da Lei do Solo do 92, así como a entrada en vigor da Lei 1/1997, do 24 de marzo do Solo de Galicia, e a Lei estatal 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo é valoracións, xunto coa necesidade de axusta-lo planeamento urbanístico -en virtude do principio de xerarquia normativa- á nova lexislación vixente, levanos a considerar que a reforma lexislativa producida ocasiona, como causa sobrevenida á redacción e aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana, unha transcendente alteración do réxime xurídico no que éste se sustentaba, provocando a imposibilidade material de continua-la súa tramitación, sendo causa de terminación do procedemento.

PROPOSTA

Xa que logo esta Presidencia, en virtude do exposto e o abeiro do establecido no artigo 87.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administración Públicas e do Procedemento administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, solicita que a comisión informativa de urbanismo propoña ó concello pleno a adopción do seguinte acordo:

Declarar expresamente a terminación do procedemento administrativo referente ó Plan Xeral de Ordenación Urbana, conforme ó artigo 87.2 da Lei 30/1992.

Asimesmo consta no expediente informe do Sr. Secretario de data 9 de febreiro do ano 2000, que considera legalmente correcta a proposta en cuestión.

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de debate

-Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. González Iglesias sinálase que o que vai a decir non vai a ser debatido e dalle as gracias o Sr. Rodríguez

Carrera, presidente da Comisión de Veciños de Cesantes polas sua premorición e que en canto a cartografía utilizada do ano oitenta e oito e oitenta e nove no PXOU debe de referirse á que naquel entón era Concelleira de urbanismo xa que o que fala non desempeñaba tal cargo.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro, González Iglesias, que non se anula ningún acordo de nengún pleno e que non se precisa cando hai Secretario e Interventor do Concello recurrir a CPAM.

Seguidamente e seguindo na súa intervención polo concelleiro Sr. González Iglesias se sinala que o PXOU en tramitación non se adaptou as normativas legais vixentes e con respecto as alegacións presentadas neste Concello houbo alegacións que non foron vistas outras contestadas contradictoriamente e outras admitidas fora de prazo ou sen informe técnico, e remata a súa intervención decindo que a oposición naquel entonces mostrouse contraria a aprobación do plan inicial o que considera como buque insignia do xeito de gobernar naqueles intres facendo díficil de retomar o plan referido e prometendo un prazo de dous anos desde a súa redacción para que o novo plan esté rematado.

-Concedida a palabra pola Presidencia o Sr. Pazos Docampo, polo mesmo manifféstase que hai responsabilidade política neste tema pola paralización do PXOU feita polo anterior equipo de goberno e o conseguinte perxuicio para ó Concello de Redondela e que a redacción dun novo plan de urbanismo co apoio da Xunta a considera como positiva e partindo de ahí se considera que haberá responsabilidade do presente equipo de goberno.

-Concedida a palabara pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero sinálase que este goberno empezou co PXOU en tramitación e pretende acabar con el, considerando que enterrar o plan en trámite supón unha perda de diñeiro non só público senón tamén dos particulares, indicando que non quere pensar que esta actuación é unha venganza por unha obra.

Continúa a súa intervención o citado Sr. Concelleiro manifestando que Redondela necesita un plan xeral de urbanismo e que houbera consenso este plan en trámite podía correxirse e contestar ás alegación o que sería beneficioso para ó Concello e non por contra sufrir os perxuicios dun novo plan xeral que acaso esta corporación poida non ver terminado.

Remata a súa intervención que non coñecese esa postura da Xunta e que senón se rectifica o plan vaise a causar un gran perxuicio para Redondela, pedindo en nome do PP que este asunto quede pendiente sobre a mesa e de non ser así o PP eludiria toda a responsabilidade nesta cuestión.

-Concedida a palabra pola Presidencia o Sr. Concelleiro González Iglesias sinálase que é certo que PSdeG-PSOE iniciou este plan e que naqueles intres foise polas parroquias a explicalo; que o PP non tiña moito interés naqueles intres e que non hai afán de venganza por parte do equipo de goberno e desde abril do 98 hasta esta data

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

non se moveu o plan e conclue afirmando que ningunha corporación nin equipo redactor sería capaz de sacar algo deste PXOU, decindo que doutro xeito sinte a perda do diñeiro público e dos particulares pero que foi o PP o que non deu continuidade a aquel plan sinalando que o adaptar o plan en trámite as novas leis e facer unha cartografía nova estaríamos evidentemente ante un novo plan.

-Concedida a palabra pola Presidencia polo Sr. Pazos Docampo, por éste falace de irresponsabilidade do PP neste tema coa súa abstención basándose no seu descoñecemento deste asunto e nesta situación non se pode pasar o posicionamento que o Concelleiro Sr. Conde Romero fai neste Pleno.

Continúa a súa intervención o Sr. Concelleiro decindo que si se mantivera a integridade do plan como actualmente se atopa podería dar lugar incluso a que algún particular se considerase con algún dereito en relación con ese plan e que si hai un responsable desa situación esa sería do PP pola paralización en que mantivo ese plan e que parecelle ben que a posición do equipo de goberno de redactar un novo Plan fose apoiada polo Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

Remata a súa intervención o Sr. Concelleiro Pazos Docampo decindo que se debe buscar un consenso neste asunto importante e non torpellalo coa esixencia de responsabilidades non esistentes o actual equipo de goberno.

-Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Conde Romero sinálase que o Concelleiro Sr. Pazos Docampo estaba de acordo con anterioridade en retomar este asunto seguindo a intención do Concelleiro Sr. Miguez Docampo.

Remata a súa intervención o voceiro Sr. Conde Romero decindo que a cuestión dos cartos e tempo é fundamental neste asunto que as opinións e que a postura do Sr. Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia conste por escrito afirmando doutro xeito que un novo plan xeral de urbanismo vai a causar perxuicio para Redondela e pide como xa dixo anteriormente que se retome o plan existente.

-Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. González Iglesias por este sinálase que non sabe o interés de Conde en continuar co tema de retomar o plan xeral en tramitación, que non sabe se foi por non ter falado co Director Xeral da Xunta ou por fomentar os pelotazos urbanísticos que supoñía o anterior documento e remata a súa intervención decíndo que no orzamento se vai a consignar cantidade suficiente para a cartografía e redacción do novo plan.

Non habendo unanimidade de criterios, pola Presidencia sométese a votación este asunto.

Efectuada esta, obtívose o seguinte resultado: Votan en contra os/as Sres./as Concelleiros/as do PP (7); votan a favor os/as Sres./as Concelleiros do PSdeG-PSOE (9) e os/as Sres./as Concelleiros/as do B.N.G. (4).- Na súa consecuencia, resoltou aprobado por maioría de votos a proposta antes transcrita.

7.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE, EN RELACIÓN COS FEITOS XENÓFOBOS OCURRIDOS NA LOCALIDADE DE EL EJIDO.

Pola Concelleira Sra. Rodríguez Cunha, da se conta da súa moción que dí:

"Os últimos acontecementos acaecidos na localidade almeriense de EL EJIDO, OS ATAQUES XENÓFOBOS contra os inmigrantes magrebíes, para os que serviu de detonante ou como disculpa o asesinato dunha veciña a máns dun magrebí, que se atopa detido en espera de xuizo, pero a realidade de todo é os ambientes marxinais nos que viven dende ahi tempo, situación denunciada recentemente por unha Comisión do Senado que había estudiado o problema.

Por outro lado hai que sinalar que a rexión pasou de ser unha das que contaba con máior índice de paro, a se-la de maior ocupación, debido en gran parte á forza productiva para o comarca que representa os traballadores magrebíes, e que os que acometen actos vandálicos son unha minoría e entre eles hai emigrantes e españois, e o emigrante que cometeu o asasinato, segundo informacións facilitadas, trátase dun cidadán con desequilibrios mentais.

Así mesmo queremos sinalar a desprotección policial con que se encontrou o colectivo magrebíe ante estes ataques, sorprendéndonos que pola contra na manifestación de estudiantes de Madrid no día de onte, contra a nova Lei de Selectividade, as forzas de seguridade actuansen con tanta contundencia, o que non se fixo en El Ejido.

Á vista do que, o Grupo Municipal Socialista, ten a ben propoñer ó Concello Pleno, a aprobación da seguinte

MOCIÓN

1º).- Condena-los feitos xenófobos ocurridos na localidade de El Ejido, e solidarizarnos coa poboación de inmigrantes marroquíes e con tóda a poboación que non estaba de acordo con estes actos racistas e vandálicos.

2º).- Condena-la pasividade das forzas de seguridade ante ditos ataques e denuncia-la situación de desprotección na que se atopa este colectivo.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación a moción antes transcrita.

8.- MOCICIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE CREACCIÓN DUN CENTRO DE ORIENTACIÓN FAMILIAR.

Pola Presidencia dase conta da moción presentada pola Concelleira Dª. Pilar Martínez González, no seu nome e no do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, de data 8 de febreiro do 2000, que dí:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Serie A N.º 1175833

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

"En Vigo existen dous Centros de Orientación Familiar dependentes do SERGAS, que recollen a toda a poboación non só de Vigo senón tamén de toda área, onde se inclúe Redondela. Estes Centros teñen unha demora na atención de varios meses, entendendo que as demandantes acuden en moitas ocasións con problemas que necesitan unha urxente intervención (tratamento hormonal post-coital, interrupción voluntaria do embarazo, etc.), é polo que presentamos a seguinte

MOCIÓN

Instar á Xunta de Galicia:

A creación dun COF en Redondela, ubicado no Centrode Saúde, que atenda non só ás demandas deste Concello, senón que podería atende-las demandas dos Concellos limítrofes, co que se melloraría a atención neste servicio a moitas mulleres. Entendemos tamén que este servicio teña un horario e unha atención especial ás mozas, para facilitar o acercamento deste Colectivo e deste xeito evitar enfermidades de transmisión sexual e embarazos non desexados".

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación a moción antes transcrita.

9.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE E DO BNG REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA POLA SANIDADE PÚBLICA.

Pola Presidencia dase conta da Moción presentada polo polos voceiros do BNG e PsdeG-PSOE, de data 14 de febreiro de 2000, que dí:

"A Plataforma Pola Sanidade Pública da Área Sur de Pontevedra ten previsto organizar unha Gran Mobilización Popular o 17 de febreiro destinada a esixir das autoridades as inversións necesarias para correxir o déficit de recursos sanitarios que padece a nosa área. Con este obxectivo pediron a colaboración e apoio de todos os concellos da área sanitaia de Vigo.

Os grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE entendemos que a liña de actuación que está a levar adiante a Conselleria de Sanidade na Área de Vigo está a provocar o deterioro na calidade dun servizo básico e indispensábel. A decisión de obrigar a parte dos/as ciudanás/as a ter a POVISA como hospital de refrencia para a hospitalización e urxéncias, a persistencia das longas esperas para operacións, e mesmo para consultas de especialistas, e entregar a tecnoloxía punta a unha empresa de xestión privada, está a criar a lóxica preocupación na povoación da área sanitaria.

Agora mesmo o proceso de desmantelamento e privatización que está a sofrer o Hospital do Meixoeiro, xunto ao defícit de camas hospitalarias públicas, en comparanza con outras áreas de Galiza e do resto do Estado, así como a falla de infraestructuras e de persoal na Atención Primaria e na Saúde Mental, fan que as/os cidadás/áns da nosa Área Sanitaria nos sintamos descriminadas/os e desprotexidas/os.

Tendo en conta que a sanidade pública e universal é un dereito irenunciábel, e solidarizano-nos coas reivindicacións desta Plataforma, os Grupos Municipais do BNG e do PsdeG-PSOE do Concello de Redondela solicitan do Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1.-Trasladar á Conselleria de Sanidade a oposición da Corporación:

a) Ao deterioro asistencial que está a sofrer o Hospital do Meixoeiro.

b) Á retirada das especialidades nas comarcas.

c) Ao bloqueo do servizo de urxéncias.

2.-Esixir á Consellería de Sanidade:

a) A criación de centrosd de atención primaria e pontos de atención continuada.

b) O aumento do investimento en infraestructuras e dotacións da sanidade pública.

c) A incorporación de POVISA como terceiro hospital público da Área.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación a moción antes transcrita.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Polo Sr. Presidente dase conta a este Concello Pleno que non estando incluída na Orde do día da presente sesión o asunto correspondente a **dictame da Comisión Informativa de Benestar Social, Muller e Xuventude sobre Bases Reguladoras para concesión de Axudas para Actividades de Promoción da Muller,** procede que se declare a urxencia do mesmo.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acorda declarar o asunto antes citado urxente, procedendose a tratar a continuación.

Pola Presidencia dase conta da proposta da Concelleira de Benestar Social, Muller e Xuventude, de data 21 de febreiro do 2000, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa, que dí:

Vistas as bases reguladoras para a concesión de axudas para actividades de promoción da muller elaboradas para tal fin e de acordo co informe do Sr. Seretario Xeral e do Sr. Interventor, procedéndose a realizar as correcións indicadas nos informes, a concelleira da área da Muller propón modificar o período de presentación de instancias por o de 1 ó 31 de marzo do 2000. E a contía a subvencionar sera dun 50% do custo das actividades. A comisión informativa de Benestar Social en votación ordinaria e por maioría absoluta acordou propoñer ó pleno a aprobación das bases que se achegan.

PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

O Pleno Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou aprobar a proposta transcrita.

10-ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinteunha horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta,..... do que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE O SECRETARIO

Asdo: Xaime Rei Barreiro Asdo: Luís Torrado Vázquez

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 30/MARZO/2000

SUMARIO

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.

2.- CONTROL E ACTIVIDADE DO PLENO.

3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Economía e Facenda

4.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMS. 2, 3, 4 E 5/2000.

5.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Urbanismo

6.- PROPOSTA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN CON SOLICITUDE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLANEAMENTO MUNICIPAL.